

Memoria do CIXTEC

2015

00

Índice

01	Introdución	5
02	Actuacións levadas a cabo no 2015	6
03	L1: Actuacións para facilitar a relación cos cidadáns e cas empresas	8
04	L2: Actuacións de carater económico financeiro	15
05	L3: Afianzamento e mellora dos procedementos electrónicos na contratación pública	18

06

L4: Actuacións no sistema tributario

22

07

L5: Acceso electrónico aos procedementos
de recursos humanos da administración autonómica

25

08

L6: Actuacións nos sistemas
de información analíticos

27

09

Infraestruturas

30

01

Introdución

Natureza e funcións do Centro Informático para o a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) é un ente de dereito público dos previstos na Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Foi creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/98 do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión. Posteriormente apróbase o Decreto 360/98 polo que se regula a dotación de medios persoais (DOG 242 do 22 de decembro do 98) e o Decreto 361/98 polo que se aproba o Estatuto do CIXTEC (DOG 246 do 22 de decembro).

O obxecto será o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración de equipos necesarios para levar a cabo os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira.

Organización e estrutura

O 31 de decembro de 2015 a estrutura organizativa do CIXTEC está establecida de acordo co seguinte organigrama:

CIXTEC

Presidencia

- Conselleiro de Facenda

Consello de Dirección

- Conselleiro de Facenda
- Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
- Director Xeral de Planificación e Orzamentos
- Director Xeral do Instituto Galego de Estatística (IGE)
- Director de Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
- Director Xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

Director Xeral

- División de Desenvolvemento de Sistemas de Información
 - Area de Sistemas Orzamentarios, Contables e do Tesouro
 - Area de Sistemas de Xestión e Recursos Humanos
 - Area de Sistemas Tributarios e Aplicacións Xerais
- División de Innovación Tecnolóxica e Telecomunicacións
 - Area de Analise dos Sistemas de información e Interoperabilidade
 - Area de Sistemas e Comunicións
- Unidade de Normalización
- Departamento de Xestión Económica e Rexime Interno

02

Actuacións levadas a cabo no 2015

As actuacións que se levaron a cabo no exercicio 2015 tiveron por finalidade incrementar a eficacia e a eficiencia dos procesos da Administración de Facenda e impulsar a transparencia nas relacións coa cidadanía mediante a incorporación das tecnoloxías da información e o coñecemento (TIC).

Os principais obxectivos que se pretenderon acadar foron:

- **O1: Garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse por medios electrónicos coa Administración de Facenda**, simplificando os trámites orientados aos servizos, aos cidadáns e ás empresas, de forma que sexan accesibles desde diferentes plataformas, fáciles de utilizar e garantindo a calidade e a seguridade, para acadar aforros de custos e redución dos prazos na tramitación dos expedientes.
- **O2: Facilitar a transparencia nas actuacións da Administración de Facenda** mediante a racionalización dos servizos económico financeiros, de contratación pública e tributarios que permita unha xestión homoxénea e un aforro de custes, así como a través da automatización dos procesos e procedementos da Administración de Facenda para o impulso da administración sen papeis e o aumento do coñecemento e habilidades dos empregados públicos nas tecnoloxías da información.
- **O3: Potenciar os servizos de control e xestión mediante a utilización de sistemas estratéxicos que faciliten o proceso de toma de decisións**. Para isto, será necesaria a medición da utilización dos servizos electrónicos mediante indicadores e ferramentas homoxéneas que permitan establecer comparacións e coñecer o uso e o valor xerado.
- **O4: Favorecer o intercambio de información** coa Administración de Facenda estatal, as Facendas autonómicas e locais seguindo o esquema nacional de interoperabilidade, así como garantir a implantación do esquema nacional de seguridade e facilitar os mecanismos de identificación e autenticación no acceso aos servizos.
- **O5: Acadar unha administración pública ecolóxica por medio do uso das TIC para acadar aforros e redución da pegada medioambiental** en ámbitos como consumo de papel, o consumo enerxético, a racionalización de infraestruturas e o traballo en mobilidade.



Para acadar estes obxectivos, establecéronse varias liñas estratéxicas:



03

L1: Actuacións para facilitar a relación cos cidadáns e cas empresas

Portais web corporativos da consellería de facenda

As webs da Consellería de Facenda proporcionan información e servizos á cidadanía, ás empresas, á propia Consellería e aos organismos dela dependentes. Están deseñadas polo CIXTEC e destacan:

- Portal corporativo da Consellería de Facenda:

www.conselleriadefacenda.es


É o portal principal da organización e centraliza os servizos e os accesos aos diferentes portais, ademais de proporcionar a información da propia Consellería e servizos de e-administración.


Recibiu a terceira maior puntuación na avaliación en materia de accesibilidade, cunha puntuación media de 9,35 sobre 10, dun conxunto de 152 sitios web de toda España, segundo mostra un informe do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP), e un segundo lugar cando se analizan os 18 portais de tributos examinados polo Observatorio de Accesibilidade do MINHAP.

Esta actuación enmárcase nas directrices establecidas pola Comisión de Estratexia TIC e o Comité Sectorial de Administración Electrónica para a promoción da Administración Dixital mediante a realización de estudos, e a través do deseño e a execución de programas de actuacións, así como coa cooperación entre as distintas Administracións.

- Portal corporativo da Axencia Tributaria de Galicia: www.atriga.gal
- Portal corporativo do CIXTEC: www.cixtec.es
- Portais temáticos de orzamentos.
- Portal de servizos da Consellería de Facenda: Reune todos os servizos online proporcionados pola Consellería e presta servizos transversais ao usuario para permitirle unha maior comodidade e unha óptima usabilidade destes.
- Portal de servizos da Axencia Tributaria de Galicia: Agrupa todos os servizos online proporcionados pola ATRIGA, fundamentalmente os trámites tributarios online que a axencia proporciona aos cidadáns, agrupando en cada trámite toda a información relativa a este, normativa, guías de presentación, soporte, etc..., así como servizos transversais ao usuario.
- Portal temático do Plan Estratéxico 2015-2020: www.planestratexico.gal.

“Terceira maior puntuación en accesibilidade entre 152 portais españois.”





Plataforma de xestión e validación de certificados electrónicos


A plataforma está composta por un conxunto de módulos que ofrecen servizos agrupados por funcionalidades, entre os que destacan os servizos de certificados electrónicos, de sinaturas electrónicas e de cifrado, permitindo a identificación electrónica dos cidadáns que empregan os sistemas de información da Consellería de Facenda e a realización e validación de sinaturas electrónicas en múltiples formatos.

O número de prestadores de servizos de certificación incrementouse máis dun 12 %, así coma os tipos de certificados soportados que aumentou máis do 4 %.

Incorporáronse as novas versións da política de sinatura electrónica da Administración General del Estado (AGE) e da política de sinatura electrónica Facturae.

O compoñente web de sinatura electrónica integrouse coa nova Pasarela de pagamentos.

Evolución dos certificados electrónicos:



Apostas deportivas e de competición

A Orde do 20 de outubro de 2015, da Consellería de Facenda, establece as normas de aplicación e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo de apostas deportivas e de competición.

Deseñouse e púxose en marcha un novo servizo, totalmente dixital, que permite ás empresas explotadoras do xogo de apostas deportivas e de competición presentar as declaracións/autoliquidacións a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT).

Imposto sobre contaminación atmosférica

Evolucionouse o servizo que permite ás empresas con explotacións de focos contaminantes cumprir as obrigas tributarias de declaración e autoliquidación dun xeito telemático segundo a normativa vixente.

O 100% das autoliquidacións preséntanse pola internet dende o 2013.

“O 100% das autoliquidacións do imposto sobre contaminación atmosférica preséntanse pola internet dende o 2013.”

Nova lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

A Lei 4/2015, de 17 de xuño, de estrutura territorial agraria de Galicia, implica cambios relativos a deducións e reducións e modifica o Texto Refundido dos Tributos Cedidos a Galicia (TRTCG) e implicou adaptacións no Sistema de Xestión Tributaria XEITO2, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) e no programa de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións (ALIS).


Nova modalidade de pagamento: domiciliación

Habilitouse un procedemento que permite domiciliar o pagamento de prezos públicos. Xurdiu pola aprobación do Decreto 132/2013 do 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o servizo de comedor escolar que amplía o número de pagadores, pero pretendeuse que servira para calquera outro pagamento tributario. Así xa está operativa a domiciliación do 2º prazo de matrícula das escolas de idiomas e outras escolas de ensinanzas especiais, tributos propios e taxas sobre o xogo.

Plataforma de pagamentos

A Plataforma de Pagamento Telemático permite a realización do pagamento de tributos, taxas, prezos públicos, multas e sancións por parte dos cidadáns de maneira telemática, evitando así desprazamentos ás entidades colaboradoras e ampliando os horarios nos que se poden realizar os pagamentos, e estendendo as posibilidades de uso aos navegadores máis empregados: Firefox, Chrome e Internet Explorer.

Modalidade de pago




Sistema de información de subvencións

O novo Sistema de Información de Subvencións xestiona a información básica de subvencións do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e favorece o intercambio de información coa Base de Datos Nacional de Subvencións 2016 (BDNS16) seguindo os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade (ENI) e Seguridade (ENS).

A Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, modificada pola Lei 5/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, determina que a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións. Isto significa que a partir do 1/1/2016 en que se pon en funcionamento a BDNS 2016 (BDNS2016), todas as convocatorias de subvencións e axudas deben publicarse a través da mesma.

Evolución das entidades que usan o Sistema de Información de Subvencións:



Rexistro de contratos

A orde EHA 107/2005, do Ministerio de Economía y Hacienda, estableceu os formatos para a remisión da información dos contratos públicos ao Rexistro Público de Contratos previsto na Lei de Contratos do Sector Público.

O Rexistro de Contrato permite:


- A captura descentralizada da información dos contratos das Consellerías e doutras entidades do sector público.
- Relacionar esta captura coa tramitación contable.
- Incluír a xestión dos contratos menores que se tramitan contablemente como documentos de contas multiterceiro.
- Conservar unha versión histórica e recuperable cos datos dun contrato tal como estaban no momento en que foi contabilizado.

Sistema de xestión de fondos europeos

A xestión dos Fondos Europeos esixe dun especial réxime de seguimento, acreditación de requisitos e verificación e control. Cumpridos os requirimentos, os pagamentos realizados son certificados á Unión Europea para que proceda ao reembolso dos fondos correspondentes.

A xestión informática destes procedementos de xestión e certificación realízase para o período 2007-2013 no Sistema de Información de Fondos713 e para o período 2014-2020 no Sistema de Información de Fondos1420, a partir da información do Sistema de Información Contable, Orzamentario e de Tesouraría XUMCO2 e doutros sistemas contables.

Evolución das entidades que usan Fondos713 e certificacións presentadas:



Débense recoller datos detallados sobre cada participante que sexa beneficiario directo de axudas do FSE, segundo se establece nos Regulamentos número 1303/2013 sobre Disposicións Comúns (RDC) e o número 1304/2013 relativo ao Fondo Social Europeo (FSE) para o período de programación 2014-2020. A información individualmente recollida, mediante a captura de datos dos participantes no Sistema Participa1420, agrégase para conformar os indicadores asociados ás operacións europeas que se certificarán co Sistema de Información Fondos1420.

Axuda á liquidación do imposto de sucesións

O CIXTEC facilita á cidadanía e empresas unha aplicación de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións (ALIS), que se actualiza segundo as normas legais que se van aprobando, porén non é posible executalo en determinadas plataformas.

O novo escenario da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) implicou ter que evolucionar o servizo, actualizando tamén o número de multiplataformas na que se pode empregar o servizo co gallo de chegar a un maior número de cidadáns.

O número de declaracións presentadas co ALIS incrementouse en máis dun 16% o último ano.

Sistema de xestión de riscos

O Sistema de Xestión de Riscos desenvólvese para mellorar o proceso de comunicación de expedientes entre os xestores, as corredorías e o Servizo de Xestión de Riscos e Seguros.

Para permitir descentralizar nos xestores das consellerías e nas corredorías a introdución da información e documentación dos expedientes, mediante conexións telemáticas cifradas, actualizouse a xestión dos expedientes.

Atención aos usuarios de sistemas de información

Dende o Centro de Atención a Usuarios (CAU) prestase servizo de atención tanto aos usuarios da Consellería de Facenda e do resto de entidades da Xunta de Galicia, como aos cidadáns e empresas que usan os servizos do CIXTEC.


Son obxectivos do CAU:

- Apoiar aos usuarios internos e externos do CIXTEC, no emprego dos Sistemas de Información e das aplicacións en Internet da Consellería de Facenda (Oficinas Virtuais da Consellería de Facenda, Sistema de Licitación Electrónica, Factura Electrónica, ...).
- Desenvolver documentación e metodoloxías específicas de apoio aos usuarios.
- Evolucionar sistemas de seguimento para valorar e mellorar, de forma continua, a asistencia ofrecida.
- Deseñar, organizar e desenvolver accións formativas para a mellora do desempeño de habilidades e competencias para a atención ao usuario.

Nos últimos anos o número de aplicacións ás que se da soporte incrementou, do mesmo xeito que o número de solicitudes de servizo.

A porcentaxe de peticións de servizo pechadas no ano 2015 foi dun 99,75% malia que o número de peticións de servizo abertas aumentou considerablemente debido ao incremento dos servizos electrónicos.

Evolución anual das peticións de servizo:



“A porcentaxe de peticións de servizo pechadas no ano 2015 foi dun 99,75% cun tempo medio de 1,85 días.”

Para conseguir os obxectivos do CAU úsanse como alicerces:

- Documentación: desenvólvese e mantense información actualizada de apoio ao servizo: erros coñecidos e problemas frecuentes dos usuarios, novidades do servizo, base de datos de coñecemento para resolución de consultas frecuentes,....
- Formación do persoal: realízanse accións formativas relacionadas coa posta en funcionamento de novas aplicacións ou cambios nas existentes.
- Ferramentas: empregase Bitácora, unha ferramenta de software especializado, para rexistrar e xestionar peticións de servizo. Este sistema evoluciona con melloras que permiten ir estendendo o servizo e as funcionalidades dispoñibles para todos os usuarios.

Ademais da atención diaria que se ofrece dende o CAU do CIXTEC, cabe destacar o esforzo que se realiza para atender aos participantes en procesos de emprego público e aos usuarios da campaña da Renda.

A inscrición en procesos selectivos da Xunta de Galicia permite que a súa tramitación sexa totalmente telemática, o que supuxo un aumento exponencial no emprego dos sistemas de información. Consecuentemente o CAU do CIXTEC ve incrementado o número de chamadas xestionadas, durante o período de inscrición.


Co obxecto de mellorar a atención específica aos usuarios destes procesos estableceuse un plan de actuación para minimizar as consultas e incidencias no uso do servizo.

Con estas actuacións conseguíuse:

- Reducir o número de chamadas por operación realizada.
- Mellorar os procedementos de atención aos usuarios para aumentar a satisfacción co servizo ofrecido.

O número de usuarios inscritos en procesos selectivos aumentou un 1.637% nos dous últimos anos, e o número medio de consultas por usuario reduciuse.

Evolución anual das peticións de servizo relacionadas con procesos selectivos:



“Ainda que o número de usuarios inscritos en procesos selectivos aumentou un 1.637% nos dous últimos anos, o número de consultas por usuario reduciuse.”

04

L2: Actuacións de carácter económico financeiro

Sistema de información contable, orzamentario e de tesouraría


O XUMCO2 é o Sistema de Información Contable, Orzamentario e de Tesouraría que da servizo ás entidades dependentes da Xunta de Galicia con orzamento limitativo.

As últimas actuacións realizadas no sistema son:

- Modificar a estrutura orgánica da Xunta de Galicia de outubro de 2015 nos distintos contextos e, en particular no da seguridade.
- Integrar dúas novas axencias do sector público autonómico.
- Mellorar a xestión de facturas e facilitar a interoperabilidade co Sistema Electrónico de Facturación (SEF).
- Mecanizar a forma de pago "carta de pago".
- Desenvolver a carga desasistida de terceiros dende aplicacións externas.
- Permitir a posibilidade de empregar tipos de retención de IRPF atendendo ás novidades normativas.
- Confeccionar o Modelo 190 relativo ás retencións practicadas pola Xunta de Galicia.
- Desenvolver servizos web que permitan a interoperabilidade con novos sistemas.
- Reducir os tempos de resposta dos procesos de precontabilización, contabilización e o de saída de información.
- Actualizar o software de base e a base de datos, desenvolvendo o sistema nunha tecnoloxía máis moderna e avanzada, mellorando as funcionalidades dispoñibles actualmente.

- Concluir co uso do IBAN (International Bank Account Number) en lugar do CCC (código conta cliente) segundo establece o "Regulamento (UE) Nº 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello" onde se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os adeudos domiciliados en euros, e se modifica o "Regulamento (CE) Nº 924/2009".
- Uso de novos formatos na xestión de transferencias e adeudos bancarios (ISO 20022 XML).

Evolución das entidades que usan XUMCO2:



Conta anual de entidades

A Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia prevé a elaboración anual da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que comprende todas as operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesouraría, tanto da Administración Xeral como das entidades integrantes do sector público autonómico.

Para facilitar esta tarefa automatizáronse os procesos para obter a conta anual das entidades con contabilidade no Sistema de Información Contable, Orzamentario e de Tesouraría XUMCO2, e homoxeneizouse o contido e o formato das contas a presentar polas distintas entidades.



Novo sistema de información de orzamentos

O orzamento de ingresos e gastos da Administración Xeral e do resto das entidades da Comunidade Autónoma con orzamento limitativo elaborábase mediante o XUMCO2.

Dende o punto de vista informático, a elaboración do proxecto de orzamentos require un importante esforzo, porque no mesmo están implicadas a totalidade das entidades do sector público autonómico, e as actuacións se realizan durante todo o exercicio.

Co gallo de minimizar as dependencias entre orzamentos e contabilidade, e incrementar a fiabilidade dos mesmos, modularizáronse os sistemas de información xurdindo así o Sistema de Información de Orzamentos.

O novo sistema desenvolveuse empregando unha tecnoloxía que permite a ampliación das plataformas de uso, co que se incrementa as posibilidades de importación e exportación de todos os datos xestionados no sistema, e se facilita a interoperabilidade dos sistemas de información económico-financeiros e contables.

Sistema de información de entidades

A Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e o sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) encomenda á Consellería de Facenda a constitución do Rexistro de Entidades do Sector Público Galego.

A Consellería de Facenda, no exercicio das súas competencias, require información relativa ás entidades integrantes do Sector Público de Galicia en varios ámbitos (orzamentario, contabilidade, patrimonio, persoal,...).

O Sistema de Información CODEX xorde coma alicerce do Rexistro de Entidades participadas pola Xunta de Galicia e do Catálogo de Entidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xestión de pagos do fondo de cooperación local

A xestión do pagamento aos Concellos da participación correspondente do Fondo de Cooperación Local (FCL) apoiase nun sistema que se debe modificar anualmente para adaptalo aos cambios introducidos pola Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade para ese exercicio.

Proxección de gastos de capítulo I

Dentro das competencias da Subdirección de Custos de Persoal, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, está a elaboración e seguimento do capítulo I do orzamento de gastos.

O sistema require modificacións frecuentes para adaptalo ao establecido na Lei de Orzamentos de cada ano e que permite facer proxeccións do gasto de capítulo I en base ao que se vai contabilizando ao longo do exercicio.

Sistema de información de ingresos dos centros do SERGAS

O Sistema de Información de Ingresos dos centros do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) recolle os compromisos de ingresos e os ingresos realizados polos centros do SERGAS.

A información extraída deste sistema de información, emprégase como fonte para a carga de ingresos no XUMCO2.

Neste exercicio mellorouse o intercambio de información entre sistemas, seguindo o esquema nacional de interoperabilidade.

Sistema de control da débeda pública da comunidade autónoma

Anualmente, a Lei de Orzamentos fixa a capacidade de endebedamento da Comunidade Autónoma para cada exercicio. Neste exercicio regúlase na Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

Entre as competencias da Consellería de Facenda está a xestión das operacións que teñen relación co endebedamento da Comunidade Autónoma.

O Sistema Informático de Control de Débeda Pública da Comunidade Autónoma xestiona as operacións financeiras relacionadas co endebedamento público da Comunidade Autónoma.

Peche de exercicio contable e apertura do novo exercicio

Cada ano publícase a correspondente orde pola que se regulan as operacións de peche do exercicio anterior e de apertura do novo exercicio.

Ao remate de cada exercicio contable procédese a realizar as actuacións encamiñadas ao peche contable do exercicio, previas á elaboración das contas.

A apertura do exercicio implica unha serie de operacións necesarias para a continuidade da xestión contable da administración, como carga inicial de créditos, incorporación dos saldos pendentes, actualización dos créditos futuros comprometidos ou incorporación de créditos.

Ademais de adaptar as funcionalidades existentes á orde do 20 de novembro de 2015, realizouse a:

- Execución dos procesos de creación de saldos iniciais e de apertura e peche de exercicios contables.
- Optimización do proceso de traspaso.



L3: Afianzamento e mellora dos procedementos electrónicos na contratación pública

Sistema electrónico de facturación

O Sistema Electrónico de Facturación (SEF) permite ás empresas e provedores, realizar de forma directa a tramitación telemática das súas facturas coa Xunta de Galicia e entidades do sector público autonómico.


Dende a súa posta en funcionamento estanse a incorporar novas entidades e a actualizar servizos de comunicación con estas para o intercambio de facturas, o que o converte nun dos sistemas de máis uso na administración.

A Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas obriga aos provedores a presentar as facturas á administración de xeito electrónico, a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Durante esta anualidade incorporáronse ao SEF 26 entidades.


“Durante esta anualidade incorporáronse ao SEF 26 entidades do sector público autonómico.”

Evolución do número de entidades que empregan o SEF:



Outros cambios legislativos que implicaron a actualización do SEF foron:

- Orde de 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia.



- Orde HAP/1650/2015, 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, e a Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.

Segundo o "Informe Anual de la Agenda Digital para España" de Xullo de 2015, no 2014 o 21% das empresas enviaban ou recibían facturas electrónicas en formato estandarizado. O valor a acadar no 2015 en España era o 40%.


En Galicia, mais dun 44% das empresas que presentan facturas á Comunidade Autónoma de Galicia empregan o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.

No documento de apoio do informe anterior, indicase que os aforros por factura electrónica son considerables, e pódese estimar 3,48 € por unidade, distribuíndose do seguinte xeito:

- 0,70 € para a entidade emisora.
- 2,28 € para a administración receptora.

“Mais dun 44% das empresas que presentan facturas á Comunidade Autónoma de Galicia empregan o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas.”

Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas. Evolución das facturas electrónicas:



	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Nº de empresas para as que se xestionan facturas	8.160	6.323	6.228	7.090	7.851	18.731
Nº de empresas que facturan electronicamente	926	963	1.103	1.228	1.417	8.261
Nº de facturas tramitadas	55.277	51.642	52.053	56.818	73.483	687.905
Nº de facturas tramitadas electronicamente	9.377	13.199	14.851	15.642	17.766	462.793

Rexistro xeral de contratistas da comunidade autónoma

O Rexistro Xeral de Contratistas créase como un instrumento auxiliar da contratación administrativa que ten por obxecto facilitar a concorrência de licitadores evitando a multiplicidade de documentacións análogas a presentar en cada licitación, e axilizar a tramitación dos procedementos de contratación pública, facilitando ás mesas de contratación a labor de análise das documentacións presentadas.

A súa regulación recóllese no Decreto 262/2001, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas, modificado polo Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependente.


A inscrición vixente no momento da presentación da oferta eximirá ós licitadores de presentar nas licitacións a documentación que conste no Rexistro Xeral de Contratistas.

As últimas actuacións realizadas no sistema foron encamiñadas a:

- Permitir que os provedores presenten de xeito telemático a documentación dos trámites 701A e 701B.
- Incorporar un sistema de avisos para o persoal da Xunta Consultiva.
- Incorporar ao rexistro de contratistas a información de solvencia e empresas vinculadas.


No exercicio 2015 a porcentaxe dos trámites electrónicos sobre o total incrementouse en máis dun 11% respecto ao exercicio anterior.

Evolución dos tramites realizados no RXC:



“No exercicio 2015 a porcentaxe dos trámites electrónicos no Rexistro Xeral de Contratistas incrementouse en máis dun 11% respecto ao exercicio anterior.”

Evolución dos tramites electrónicos realizados no RXC:




Sistema de licitación electrónica

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) permite a presentación de forma telemática das ofertas para participar nos procedementos de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nunha primeira fase empregouse unicamente no CIXTEC, onde a totalidade dos expedientes de contratación tramitáronse mediante o SILEX. Dende o pasado exercicio está en funcionamento na administración da Xunta de Galicia e entidades dela dependentes.

Con este sistema facilitáanse as ferramentas necesarias para dar cumprimento ás esixencias da normativa europea (acadar un 50% de volume de contratación por sistemas de contratación electrónica, aplicable a contratos harmonizados).

O SILEX abarca as distintas fases que compoñen un procedemento de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia:



Todos estes procesos son levados a cabo coas garantías técnicas de seguridade e legais que son necesarias para os procedementos de contratación.

06

L4: Actuacións no sistema tributario

Liquidacións de oficio

A Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) está a deseñar novos métodos de traballo baseados nos procedementos tributarios, para acadar os obxectivos de control e xestión dos tributos, así coma optimizar recursos.

Realizáronse actualizacións para posibilitar a xeración de expedientes dos impostos de sucesións, doazóns, transmisións patrimoniais e vehículos unha vez que a Administración detecta un feito imponible non declarado polo contribuínte. Crease así unha liquidación de oficio para o feito non declarado e permite aos órganos de xestión tributaria a tramitación do expediente ao igual que para os expedientes que conteñen autoliquidacións.

Orde de prezos medios de mercado 2015. Información catastral en valoracións de bens inmobles

A Orde de 29 de decembro de 2014 da Consellería de Facenda desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2015.

Realizáronse adaptacións no módulo de valoracións, tanto no Sistema de Xestión Tributaria (XEITO2) como na Oficina Virtual Tributaria (OVT), para aplicar as condicións reguladas na Orde, que persegue reforzar as valoracións para minimizar a presentación de recursos.

Novo método de valoración: valor catastral corregido segundo coeficiente municipal

Segundo a Orde de 29 de xuño de 2015 da Consellería de Facenda, aplicárase un novo método de valoración: "Valoración por coeficiente catastral municipal".

Este método aplica, ao valor catastral declarado, o coeficiente municipal detallado na Orde e dá como resultado o valor comprobado do ben, o que supuxo actualizacións no módulo de Valoracións, tanto en XEITO2 como na OVT, para adaptalos á nova orde.

Nova orde pola que se regulan os medios de comprobación de valor dos bens inmobles 2016


A Orde do 28 de decembro de 2015 da Consellería de Facenda regula os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral. Os cambios implicaron realizar adaptacións nos sistemas de información tributaria.

Módulo de devolución de ingresos indebidos

Dende a Área de Recadación da ATRIGA xorde a necesidade de mellorar as devolucións de ingresos indebidos, automatizando o procedemento existente.

Realizáronse as adaptacións precisas no Sistema de Información Tributaria para axilizar este tipo de devolucións.

Evolución das devolucións de ingresos indebidos



Colaboración ATRIGA-entes externos para recadación executiva

A ATRIGA pon á disposición para a xestión da recadación dos entes externos (Concellos, Universidades, Organismos,...) a aplicación XEITO-Web "Entes Externos".

No 2015 recadáronse en vía executiva os tributos ou calquera outros recursos de dereito público dos que son titulares os entes externos.

XEITO-visor: accesos AEAT a información de XEITO2

A Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a ATRIGA levan a cabo actuacións de cooperación no marco de varios convenios de colaboración no eido tributario.

Desenvolvéronse as funcionalidades necesarias que permiten o acceso a determinados funcionarios da AEAT, previamente autorizados pola ATRIGA, para consultar información tributaria da ATRIGA respecto a determinados NIF's incurso en actuacións da AEAT.

CIRCE: uso do documento único electrónico

O Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE) é un órgano que permite xestionar a creación de distintos tipos de sociedades. Ditas figuras societarias teñen obriga de declarar o imposto de Transmisións e Actos Xurídicos Documentados aínda que está exento de pago. Para facilitar a presentación do imposto existe unha pasarela de integración CIXTEC-CIRCE que posibilita a presentación telemática.

O Real Decreto 44/2015, de 2 de febreiro, regula as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a posta en marcha de sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.


Realizáronse as adaptacións necesarias na pasarela CIXTEC-CIRCE para posibilitar o cumprimento das obrigas tributarias asociadas á constitución de sociedades; en particular, permitir a presentación telemática do imposto de transmisións patrimoniais a través da pasarela para a constitución de sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada.

Evolución do módulo sancionador

Dentro do Sistema de Xestión Tributaria XEITO2, o módulo para dar soporte ao procedemento sancionador, permite a xestión dos expedientes de sancións ditados polas Áreas de Xestión Tributaria, Inspección Tributaria e Recadación no marco do exercicio das súas funcións, módulo que se atopa en constante evolución.

Lei 34/2015: reforma da ley general tributaria

O Sistema de Xestión Tributaria XEITO2 adaptouse ao novo escenario marcado pola nova Lei 34/2015, de 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (BOE núm. 227, de 22 de setembro de 2015).



Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas de Galicia para 2016

Cada ano, coa aprobación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, se ditan e modifican distintas medidas fiscais e administrativas (DOG Núm. 249 Xoves, 31 de decembro de 2015). Para o 2016, acompañando aos orzamentos, aprobouse a Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Modificacións coma reducións e deducións no imposto de transmisións e sucesións, valoracións web, novas táboas de coeficientes e deducións, implicaron actualizacións na Oficina Virtual Tributaria, en XEITO2 e no ALIS.

Outros proxectos e actuacións transversais

Por cambios e adaptación ao novo exercicio fiscal e por modificacións puntuais de carácter normativo ou de procedemento xorden determinadas necesidades de actualizacións e melloras transversais.

As principais actuacións inclúen:

	Carga de táboas 2015 Actualización dos parámetros vixentes no novo exercicio.
	Peché contable Peché contable do exercicio anterior 2014.
	Nova porcentaxe de retención IRPF ás OLDH, ODH e Recadadores de Zona Regulaméntase segundo a Lei 26/2014, de 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, o texto refundido da Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2004, de 5 de marzo, e outras normas tributarias, e segundo o Real Decreto 1003/2014, de 5 de decembro, polo que se modifica o regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de pagos a conta.
	Actualización do software de base Actualizar o software de base do Sistema de Información Tributaria XEITO2.

07

L5: Acceso electrónico aos procedementos de recursos humanos da administración autonómica

Sistema de información de nómina


O Sistema de Información de Nómina BREIXO, utilízase para a xestión de nómina de empregados públicos da Xunta de Galicia, Organismos Autónomos, Entes Públicos e Centros Concertados, e está integrada coa Oficina Virtual do Empregado Público.

As principais actuacións no exercicio foron:

- Incorporouse a Administración Xeral da Xunta de Galicia ao BREIXO.

“O 96% da nóminas envíanse electronicamente.”


Evolución das entidades que empregan o Sistema de Información de Nómina:



- Ampliáronse as plataformas de uso coa conseguinte independencia tecnolóxica no lado do usuario final.
- Adaptouse o BREIXO ás funcionalidades requiridas por diversas entidades.
- Aplicouse toda a lexislación sobre persoal publicada nos ámbitos autonómico, estatal, tributario (Axencia Estatal de Administración Tributaria) e de Seguridade Social.

- Aplicáronse as instrucións e peticións no ámbito dos recursos humanos demandadas pola Secretaría Xeral de Facenda, Dirección Xeral de Orzamentos, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e Dirección Xeral de Función Pública.
- Realizáronse todos os traballos necesarios para o pagamento mensual das retribucións dos traballadores ao servizo da Xunta de Galicia e das entidades dependentes adscritas ao sistema.

Evolución das nóminas enviadas electronicamente:



08

L6: Actuacións nos sistemas de información analíticos



Sistema de información analítica

Os sistemas de información analítica permiten un tratamento avanzado e sistematizado da información e facilitan

o proceso de toma de decisións, integrando a información económico-financiera e contable das entidades do sector público autonómico.

A Consellería de Facenda dispón dun Sistema de Información Analítica (SIAN) orientado a dar resposta ás necesidades de información da organización.


O SIAN require a incorporación de novas funcionalidades motivadas pola evolución constante dos sistemas orixe da información dos que se nutre e tamén polas novas aplicacións que xorden para cubrir as necesidades de información.

As canles utilizadas por SIAN para proporcionar a información aos usuarios son:

- Informes.
- Estudos dinámicos
- Cadros de mando.

O SIAN permite facer o seguimento de varias áreas.

Incremento anual do número de usuarios:



	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Plan Estratéxico de Galicia			32	51	61	73
Orzamentos			42	57	61	70
Contabilidade		72	131	199	245	288
Tesouraría				7	18	24
Facturación	194	195	227	339	509	832
Recursos humanos					68	141
Número total de usuarios	194	267	432	653	962	1.428

Plan Estratéxico de Galicia

Facilita o seguimento da execución, tanto dende un punto de vista económico como da avaliación dos resultados conseguidos, de cada unha das iniciativas do plan.

Orzamentos

Presta apoio na preparación e elaboración dos orzamentos da Comunidade.

Contabilidade

Proporciona capacidades analíticas sobre os datos da contabilidade dos gastos, dos ingresos, a evolución do orzamento e os movementos de documentos contables. Incorpora información concernente á xestión contable/recadadora da aplicación tributaria (XEITO2), e está vinculada cos indicadores da área contable e tributaria do SIAN.

Facturación

Aporta capacidades analíticas sobre os datos da facturación rexistrada en SEF e XUMCO2, co obxectivo de optimizar o ciclo de facturación e as actividades realizadas para de garantir os compromisos de pagamento establecidos.

Recursos humanos

Ofrece capacidades analíticas dende o punto de vista das retribucións aboadas en cada concepto aos empregados, bases de cotización (IRPF, Continxencias comúns, continxencias profesionais), así como a súa relación coa execución orzamentaria (Capítulo I).

Tributos

Facilita capacidades analíticas sobre a información tributaria existente nos distintos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Actividade

Aporta información analítica sobre a actividade e o uso dos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Xestión de Servizos

Subministra información analítica sobre a xestión de peticións de servizos rexistradas, incluíndo número de eventos, tempo medio dende creación, tempo medio dende a asignación dos mesmos, información relativa ao cumprimento do nivel de servizo.

Tesouraría

Proporciona información analítica sobre a xestión da Tesouraría e a súa relación coa execución do orzamento mediante a información das operacións da Tesouraría e o os movementos das contas bancarias, e sobre a relación das operacións da Tesouraría coa facturación.

Análise de información de fondos

Permite valorar a evolución, a situación e o grado de execución e certificación dos fondos, non só as de orixe europeo tales como: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo de Pesca (FEP), etc., senón de todos aqueles dos que a Comunidade Autónoma sexa a receptora.

Sistema de información estadística tributaria

O Sistema de Información Estadístico Tributario (SIETE), facilita a xestión e a análise da información tributaria da administración autonómica.

Neste exercicio incorporáronse as seguintes funcionalidades:

- Información relativa á xestión dos xuros de demora.
- Módulo de apostas deportivas e de competición.
- Novos criterios para a obtención de información relativa á xestión tributaria.




09 Infraestruturas

O número de servizos proporcionados polo CIXTEC aos cidadáns, empresas e ás demais administracións públicas aumentou considerablemente nos últimos anos. Estes servizos deben residir en sistemas informáticos e de comunicacións fiables e seguros, que garantan a dispoñibilidade, o rendemento e a consistencia dos servizos.

Sistema de información procedemental

Para xestionar todos os procesos do CIXTEC empregase o Sistema de Información procedemental (SIP), un repositorio común da información asociada aos procesos e procedementos propios do CIXTEC, así como a relación existente entre eles, podendo así xestionar nun punto común o coñecemento sobre a operativa do Centro.

“O mapa de procesos reduce custos e tempo e mellora a efectividade e a produtividade no CIXTEC.”



Estes procesos, axustado aos definidos por ITIL (Biblioteca de Infraestrutura de Tecnoloxías de Información), serven de alicerce aos servizos prestados polo CIXTEC.

Algúns dos procesos deste mapa son:

O3.Explotación

A existencia dun proceso de explotación dos sistemas de información garantiza a continuidade do servizo e os principios de confidencialidade, dispoñibilidade, integridade e trazabilidade, que se sinalan no Esquema Nacional de Seguridad (ENS).

	2015
Procesos de mantementos mensuais de bases de datos	31
Número de bases de datos salvadas diariamente	189
Aplicacións en mantemento	40
Solicitudes de recuperacións de bases de datos diarias	12
Solicitudes de recuperación de ficheiros	44
Peticións de publicación no contorno de Producción	2.946

O5.Mantemento de aplicacións


Este proceso operativo está estreitamente relacionado coas tarefas de desenvolvemento de software. Abrangue tanto a implantación de novas aplicacións coma a actualización das existentes. Realízase tamén a coordinación das áreas e departamentos do CIXTEC implicados, o que permite asegurar a calidade dos sistemas de información.

O6.Xestión de activos

Dentro deste proceso destacan os seguintes activos:

Servizo de directorio

Este conxunto de aplicacións centraliza e organiza a información existente sobre os usuarios e recursos da rede de ordenadores xestionada polo CIXTEC, e ten como función permitir que os administradores xestionen o acceso dos usuarios aos recursos existentes.



As directivas de grupo do servizo de directorio proporcionan ferramentas para o control e configuración centralizados dos sistemas operativos e aplicacións, así como das propiedades das contas dos usuarios da Consellería de Facenda e dos organismos dela dependentes, conseguindo centralizar a xestión dos elementos necesarios para empregar os equipos informáticos con maior seguridade e axilizar a configuración dos postos de traballo, tanto na posta en marcha dos equipos como en actualizacións posteriores, co que se diminúen as tarefas de normalización.

“O número de usuarios do servizo foi 898 no último ano.”

	2015
Número de usuarios cliente no Directorio Activo	1.232
Número de equipos cliente no Directorio Activo	1.492
Número de directivas activas	180

Plataforma de correo electrónico

O CIXTEC encárgase da xestión do servizo de correo electrónico, tanto do persoal da Consellería de Facenda coma dos procesos automáticos que requiran envío de mensaxes, desde as dependencias da Consellería ou a través de clientes OWA ou mediante dispositivos móbiles.

Para garantir uns niveis óptimos de resposta, dispoñibilidade e adaptación ás novas funcionalidades migrouse á plataforma Exchange 2013 e así cumprir coas prestacións acordes á demanda que os novos sistemas de información requiren.

O número de usuarios do servizo foi 898 no último ano.

Os traballadores da Consellería de Facenda xa teñen contas do tipo nome@xunta.es, acercándose á unificación da imaxe corporativa da Administración.

Intranet

O CIXTEC pon a disposición da Consellería de Facenda e Entidades dela dependentes un portal web documental e de servizos evolucionado, no que os sistemas de información interna están orientados aos seus usuarios.

	2015
Total de páxinas visitadas na intranet durante exercicio	723.597
Promedio de páxinas visitadas por día	2.166
Promedio de visitantes non repetidos por día	333
Operacións de procura durante o exercicio	5.700

Emisión de publicación impresas e dixitais

O CIXTEC emprega a súa infraestrutura para facilitar servizos de deseño, maquetación, reprografía e impresión á Consellería de Facenda e á ATRIGA.

Deseño	Reprografía e Impresión
• Confección da “Revista de Compilacións tributarias” da ATRIGA. • Elementos gráficos que interveñen no Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia: xeración da memoria USB, cos índices enlazados aos ficheiros representados nos formatos PDF, Flash, e-book. • Preparación de documentación e manuais requiridos nas diferentes actividades lectivas impartidas a través de cursos da EGAP ou do CIXTEC. • Dípticos, trípticos, folletos, imaxes, vídeos e outros elementos gráficos.	• Contabilidade Xeral Anual e Liquidacións Trimestrais das Contas da Xunta de Galicia. • Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. • Liquidación de haberes da nómina da Xunta de Galicia. • Impresión de exames para os procesos selectivos de persoal de toda a Xunta de Galicia.

S1.Xestión da infraestrutura

Dentro deste proceso destacan:

Alta dispoñibilidade

O CIXTEC dispón dunha rede de comunicacións constituída por dous centros de procesamento de datos, un principal e outro de respaldo, interconectados mediante fibra óptica monomodo redundante.

A esta rede tamén están conectados as Delegacións Territoriais da Consellería de Facenda, as Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario, as Oficinas Recadadoras de Zona e outros organismos.

Mantemento das infraestruturas

Para garantir a dispoñibilidade 24x365 dos servizos TIC que presta o CIXTEC, compre realizar un mantemento preventivo, e non só correctivo, de tódalas infraestruturas básicas das que dependen os sistemas de información, así coma do equipamento informático dos usuarios do CIXTEC, da Consellería de Facenda e dos organismos dela dependentes.

Seguridade

O mapa de procesos inclúe un elemento transversal, Seguridade que alberga información referida ao Documento de Seguridade dos ficheiros de datos de carácter persoal.

O CIXTEC proporciona as condicións necesarias de confianza no uso dos medios electrónicos, a través de medidas que garanten a seguridade, e que permiten aos cidadáns, ás empresas, á administración pública, o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través deste medio.

No 2015 realizouse a auditoría bienal segundo a Lei Orgánica de Protección de Datos.

	2015
Equipos xestionados- Clientes	1492
Equipos xestionados - Servidores	260

“No 2015 realizouse a auditoría bienal segundo a Lei Orgánica de Protección de Datos.”



